



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Nomeamento de funcionaria de carreira da escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos/as superiores (OEP estabilización 2022)

ANUNCIO

Esta alcaldía ditou o 11 de novembro de 2024 o Decreto núm.2034/2024, que a continuación se transcribe:

“Logo de ver a proposta do Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a provisión dunha praza denominada: psicólogo/a, pertencente á escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, grupo A sub-grupo A1 de clasificación, incluída na oferta de emprego público de estabilización do Concello de Sada, consonte á Lei 20/2021 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOP núm.100, 27-5-22)

Resultando que a aspirante proposta presentou a documentación preceptiva esixida na convocatoria, a cal foi achada correcta e acreditativa dos requisitos esixidos.

Consonte as atribucións que me confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e 41.14.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e de conformidade co disposto no artigo 7 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, RESOLVO:

1º.- Nomear funcionaria de carreira a D^a. María Arévalo Gómez, co DNI núm. ** *23 36* *, na praza denominada: psicólogo/a, pertencente á escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, grupo A sub-grupo A1 de clasificación.

2º.- A nomeada adquirirá a condición de funcionaria de carreira previa prestación de xuramento ou promesa, segundo o establecido no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, e toma de posesión do seu destino no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.”.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Sada, 11 de novembro de 2024

O alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

2024/7984